

Tempo para escribir mellor

- 1 Le e clasifica as palabras destacadas.

Fomos de excursión ao bosque e vimos bolboretas, xoaniñas, caracois... E unha **eiruga** preciosa! Tamén vimos unha **aguia** voando, pero moi lonxe. E **Diego** dixo que vira un **canguro** bebendo nun **regueiro** e eu contesteille: «Si, home, e un **pingüín** tamén, se che parece!». Que bromista!



ga	_____	gue	_____
go	_____	gui	_____
gu	_____	gü	_____

► Fíxate nas palabras que clasificaches e responde.

- Soa o u nas palabras con **gue** e **gui**?
- E na palabra con **gü**?

Palabras con g, gu e gü

Esribese **g** diante de **a, o, u**: *ga, go, gu*.

Esribese **gu** diante de **e, i**, cando o **u** non soa: *gue, gui*.

Esribese **gü** diante de **e, i** cando o **u** soa: *güe, güi*.

g gu gü

- 2 Completa con g, gu e gü.



a _____ ulla



fo _____ ete



pira _____ ista



para _____ as

2

- a Copia substituíndo as imaxes pola palabra que corresponda.

margaridas

guantes

guitarra

fogueira

Gustavo toca a  ao lado da .

Domingos colle  cos  postos.

- 4 DITADO. Prepara o ditado para facelo no caderno. Fíxate nas palabras que conteñen **g, gu** ou **gü**.

Encontro na lagoa

Onte, camiñando pola fraga, cheguei ata a lagoa. Alí atopei a Guillermo e a Águeda, con súa nai, e a algúns amigos de Sigüeiro. Todos estaban practicando piragüismo.



Melloro a ortografía

- Como se escriben, con **gu** ou con **gü**? Le e colore.

Quen fala dúas linguas é

bilingüe

bilingue

Quen fala tres linguas é

trilingüe

trilingue






Paisaxes curiosas

Vivimos nun planeta marabilloso con paisaxes moi diversas. Todas son únicas. E algunhas, espectaculares.

Sorprenden, por exemplo, moitas paisaxes de costa. O mar labrou nos cantís furnas, corredores, arcos... Foron necesarios millóns de anos para formar paisaxes así, como a da praia de Augasantas, en Lugo.



Praia de Augasantas, en Ribadeo (Lugo), tamén coñecida como praia das Catedrais.



O Guerreiro, figura de pedra no Monte Pindo, en Carnota (A Coruña).

Tamén nas montañas o sol, a neve, a chuvia e o vento actuaron como escultores. Nalgúns lugares crearon espazos que semellan de fantasía. Fannos pensar en seres máxicos e fantásticos, como ocorre coas formas das pedras do Monte Pindo, na Coruña.

1 Colorea a oración que máis se axusta ao contido do texto.

É un poema sobre un guerreiro máxico que ten poderes.

É un conto duns guerreiros de pedra que fixeron unha catedral.

É un texto que informa sobre algunhas paisaxes curiosas.

2 En que bloque de texto ou parágrafo se atopa cada información? Relaciona.

1 Primeiro parágrafo 2 Segundo parágrafo 3 Terceiro parágrafo

- ☐ O mar, durante millóns de anos, formou paisaxes sorprendentes coma a praia de Augasantas en Ribadeo.
- ☐ A Terra é un planeta que ten paisaxes moi diferentes, todas únicas, e algunhas, espectaculares.
- ☐ O vento, a neve, o sol e a chuvia foron labrando na pedra figuras que semellan seres fantásticos.



3 Escribe cada palabra onde corresponda.

escultor

labrar

furna

arco

Cavidade grande e natural aberta nas rochas.



Traballar a pedra dándolle unha forma determinada.



Persoa que crea figuras labrando a pedra.



Abertura natural na rocha con forma de curva.



4 En parellas, localízade as localidades de Ribadeo e de Carnota nun mapa.

Podedes utilizar un atlas de Galicia ou buscar en Internet.



En grupos, pensade nalgún lugar interesante da localidade ou dos arredores e describidello á clase.

Pode ser un espazo natural, unha praza, un monumento...



Explico unha ruta

1 Le e marca a ruta que van facer.

Excursión pola ruta da auga

Este sábado imos facer unha excursión a pé moi refrescante. Sairemos do cámping do Sol e iremos deica a ferverza do Salto. Primeiro, pasaremos polo bosque dos Esquíos. Despois, atravesaremos o río pola ponte Vella e xiraremos á esquerda. Finalmente, uns cantos metros máis adiante, chegaremos ao pé da ferverza do Salto. Que paseo máis bonito!



2 Responde.

- Como se chama a ruta?
- De onde van saír?
- A onde van chegar?
- Por onde van pasar?

3 En que orde van facer o percorrido? Relaciona.

Primeiro

... atravesarán o río pola ponte e xirarán á esquerda.

Despois

... chegarán ao pé da ferverza.

Finalmente

... pasarán por un bosque.



4 Escolle a ruta que prefiras e responde.



- Que día vas facer a excursión?
- Desde onde vas ir e ata onde?
- Por onde vas pasar?

5 Inventa un nome para a ruta e explica o percorrido seguindo o texto modelo da actividade 1.

Utiliza as expresións da actividade 3 para indicar orde.

RU TA

COMPROBO O MEU PROGRESO

2

- 1 Que palabra non ten o mesmo número de sílabas en cada grupo? Risca.

abrigo

lembranza

fermoso

bicicleta


caderno

bolboreta

amizade

agarimo

- 2 Pronuncia e escribe cada palabra separada en sílabas onde corresponda.



1



2



3



4



- 3 Escribe unha palabra en cada caso.

Con ga

Con gue

Con go

Con gui

Con güe

Con gûi



COMO O FIXEN? Colorea ,  ou .

► Usei ben palabras sobre a excursión ao miradoiro. ☐

► Contei ben as sílabas das palabras. ☐

► Escribín palabras con g, gu e gû. ☐



Melloro a lectura



► Fixate en como se pronuncia o **nh** e **le** en voz alta pronunciándoo ben.



No baúl dos xoguetes hai **unha** corda e algun**has** pelotas.

► Lembra como tes que pronunciar as palabras con **nh** cando as atopas no texto.



Domingo no Regueiriño



En canto lle sacaron o **xeso** da perna, despois de catro semanas longuísimas, Marta preguntoulles aos pais:

–Podo convidar os meus amigos a pasar o día no Regueiriño?

Para celebrar que me sacaron o xeso...

O Regueiriño era un parque municipal enorme. Os pais estiveron de acordo e, aquel mesmo domingo, fixeron realidade o desexo de Marta. Cargaron a furgoneta con mesas e cadeiras pregables, a neveira portátil, bocadillos, aperitivos, botellas de auga... Despois, foron buscar os convidados de Marta, que eran Ramón, Aldara e Serxio. Poucas veces se viu unha furgoneta tan animada!

O Regueiriño era bárbaro. Había espazos para xogar á pelota e á corda. Había unha árbore coas pólas tan baixas que se podía subir á copa. Había **matogueiras** onde agacharse. E, sobre todo, había un **regueiro** que corría alegremente entre **pelouros** e que lle daba nome ao parque. Non lle faltaba nada!



–Saltamos á corda! –propuxo Marta.

–Aínda non podes, Marta! –dixeron seus pais á vez.

Marta lembrou que o médico o deixara clarísimo: nada de saltar nin de correr por unha boa tempada! Nin saltar á corda, nin xogar ao pano...

–Que rabia! –choromicou, desgustada–. Non podo xogar a nada.

Os seus amigos mirábana en silencio sen saber que dicir para animala. Naquel preciso momento, unha piña seca caeu no regueiro cun ruidoso chof! Ramón, Aldara e Serxio cruzaron unha rápida mirada e entendéronse sen palabras. Iso era o que necesitaban!

En menos do que se tarda en dicilo, **amorearon** aos pés de Marta unha **manchea** de pedriñas planas. Comodamente sentados á beira do regueiro, os catro amigos pasárono en grande tratando de facer rebotar as pedras na superficie da auga. Tanto, que non pararon nin sequera mentres comían os bocadillos.

A media tarde, de volta á casa, Marta dixo:

–Habemos volver ao Regueiriño outro día, non si?

Paseino moi ben, pero, cando teña a perna forte... vai ser unha festa!

Busca as palabras destacadas en O meu primeiro dicionario, ao final do libro.



Coñezo as miñas emocións

- Algunha vez tiveches unha enfermidade que non te deixou facer algo que querías? Como te sentiches?
- Que lle dirías a alguén que está enfermo para animalo? Que poderíades facer para divertirvos?



Tempo para ler



1 Lembra e responde.

- A onde foi Marta aquel domingo?

- Con quen foi?

- Por que se chama así o parque?



2 Por que Marta non podía saltar á corda nin correr? Colorea a verdadeira.

Porque aínda non lle sacaran o xeso da perna.

Porque a perna que tivera enxesada non estaba aínda forte.

3 A que xogaron Marta, Ramón, Aldara e Serxio? Marca.

- ☐ A facer moreas con pedras planas do río.
- ☐ A facer rebotar pedras planas contra a superficie da auga do río.



4 VOCABULARIO. Forma palabras novas seguindo os modelos.

regueiro ► regueirinho

pedra ► pedrinha

carballo ►

fonte ►

rapaz ►

campá ►

animal ►

mesa ►

APRENDO E PRACTICO

3

1 Fíxate no que din e relaciona.

- O que di Cibrán ► non se entende.
- O que di Paula ► enténdese.

Que fai Cibrán coas súas palabras? Marca.

☐ Afirma unha cousa.

☐ Fai unha pregunta.

☐ Expresa un sentimento.

Aquí aire galiña.



Queres xogar á mariola?



A oración. Clases de oracións

Unha **oración** é un grupo de palabras ordenadas que ten sentido completo. *Marta foi ao parque* é unha oración.

As oracións que afirman ou negan algo son **enunciativas**.

As oracións que preguntan sobre algo son **interrogativas**.

As oracións que expresan sentimentos e emocións (sorpresa, alegría, medo...) son **exclamativas**.



2 Cal destes grupos de palabras é unha oración? Subliña.

- Gardo os xoguetes no baúl. Amigos xogan tarde casa.



3 Que tipo de oración é? Colorea a opción correcta en cada caso.

Que contento estou de te ver! ► ☐ interrogativa ☐ exclamativa

Que día é o teu aniversario? ► ☐ interrogativa ☐ enunciativa

Choveu durante toda a semana. ► ☐ enunciativa ☐ exclamativa

Tempo para escribir mellor

3

- 1 Le esta nota e arrodea os signos ., ? e !.

Copia as oracións acabadas en ., ? e ! onde corresponda. Que expresan?

Ola, Paula:
Vou ao parque con Xacobe.
Apetéceche vir connosco?
Ímonos divertir moitísimo!

Biquiños,

O teu irmán

Unha afirmación

Unha pregunta

Unha exclamación

O punto, a interrogación e a admiración

O **punto (.)** escríbese ao final dunha oración enunciativa. Cos puntos separamos as oracións dun texto.

O **signo de interrogación (?)** escríbese ao final dunha pregunta.

O **signo de admiración (!)** escríbese ao final dunha exclamación.

- 2 Escribe as tres oracións seguidas. Non esquezas o punto ao final de cada unha.

Gústanme moito os xogos de mesa

Son toda unha campioa

O meu preferido é o parchís

- 3 Subliña de vermello as preguntas e de azul as exclamacións.

• Como te chamas? • Ai, manqueime! • É precioso! • Cando chegas?



- 4 Que pensas que dirán? Marca e copia a opción que corresponda.


☐

Vai frío!

☐

Hoxe vai frío?

☐

Teño sono!

☐

Queres xogar?



- 5 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno. Fixate ben nos puntos (.), nas interrogacións (?) e nas exclamacións (!).

Ti que prefires?

Sabes cal é o meu xogo de rúa preferido? A mariola. Encántame ir saltando de casa en casa! Tamén me gusta facer bailar a buxaina, pero non sei facelo moi ben. É moi difícil! E a ti, cal é o xogo que máis che gusta?



Melloro a ortografía



- Completa con punto (.), interrogación (?) ou admiración (!).

-Que hora é _____

-Son as sete e dez _____

-Vaia, que tarde se fixo _____